



CONCELLOS

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Con data 21 de marzo do 2023 o Sr. Alcalde - Presidente decreto número 2023/000452 acordou o nomeamento de empregados públicos como persoal laboral fixo e funcionario de carreiraas seguintes:

- Como Funcionaria de Carreira na praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial a D^a ANTIA NIEVES RODRÍGUEZ.
- Contratación Laboral fixo dos seguintes Concello de Monforte:
 - Técnico de Grao Superior Servizos Sociais, D^a M^a BELÉN LÓPEZ SOMOZA.
 - Psicólogo/a Centro de Información á Muller, D^a MARGARITA LUCÍA NÚÑEZ ALVAREZ.
 - Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, D^a M^a TRINIDAD LÓPEZ PÉREZ.
 - Educador/a Social, D^a PURIFICACIÓN LOSADA VÁZQUEZ.
 - Técnico de Deportes, D. OSCAR RODRÍGUEZ PÉREZ.
 - Profesor do Conservatorio (especialidade vento-metal) o 50% da xornada, D. ANTONIO GARCÍA LAGO.
 - Profesor do Conservatorio (especialidade percusión) o 50% da xornada, D. JOSÉ LUIS GARCÍA DÍAZ.
 - Profesor do Conservatorio (especialidade saxo), o 50% da xornada, D. ALBERTO LOUREIRO CASAS.
 - Profesor do Conservatorio (especialidade violín), o 50% da xornada, D^a ALDARA OTERO FERNÁNDEZ.
 - Profesor Escola de Música (instrumento guitarra), o 50% da xornada, D. JOSÉ LUIS NIEVES VILA.
 - Auxiliar Electricista, D. JOSÉ ENRIQUE CASTAÑO AIRA.
 - Peón de parques e xardíns, D. DIEGO GONZÁLEZ DÍAZ.
 - Subalerno, D. ALEJANDRO DIÉGUEZ BLANCO.
- Contratación Laboral fixo dos seguintes Instituto Municipal de Drogodependencias:
 - Psicóloga Clínica da Unidade de Drogodependencias, D^a SAGRARIO FERREIRA PERNAS.
 - Educador/a Social Unidade de Drogodependencias, D^a LUISA ASTRAY GARCÍA.
 - Enfermeiro/a Unidade de Drogodependencias, D^a NOEMÍ ESCOBAR MOURE.
 - Traballador/a Social de Drogodependencias, D^a TERESA GONZÁLEZ CARBALLO.
 - Auxiliar Administrativo Unidade Drogodependencias, D. ANTONIO GONZÁLEZ URDIALES.
 - Monitor/a Tempo libre Unidade Drogodependencias, D^a GLORIA MARÍA RODRÍGUEZ LÓPEZ.

Con data 28 de abril do 2023 decreto número 2023/000627 o Sr. Alcalde-Presidente acordou o nomeamento como funcionario de carreira como Oficial do Corpo da Policía Local a D. NÉSTOR ALVAREZ LÓPEZ.

Monforte de Lemos, 4 DE MAIO DE 2023.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 2046

MONTERROSO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía nº 365 de 30 de xuño de dous mil vinte e tres aprobáronse as bases para a selección de **1 monitor de lecer e tempo libre** e posterior creación dunha bolsa de emprego de monitor de lecer de tempo libre para a ocioteca municipal do Concello de Monterroso.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco (05) días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios na sede electrónica do Concello de Monterroso. <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 30 de xuño de 2023.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindin.

R. 2096

AS NOGAIS

Anuncio

Organización e funcionamento do Concello de As Nogais

O Concello de As Nogais, en sesión extraordinaria de pleno celebrada o 28 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO. As sesións ordinarias do Pleno deste concello celebraranse o primeiro venres dos meses pares do ano natural, ás 13:30 horas; se fose festivo celebraranse o seguinte día hábil, considerándose para estes efectos os sábados, domingos e festivos coma inhábiles, de conformidade co disposto no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, por causa xustificada, a modificar a data de celebración da sesión ordinaria, nun intervalo máximo de dez (10) días, mesmo aínda que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente á devandita sesión, conservando esta o carácter de ordinaria.

TERCEIRO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Nogais, 28 de xuño 2023- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2047

Anuncio

Organización e funcionamento do Concello de As Nogais

O Concello de As Nogais, en sesión extraordinaria de pleno celebrada o 28 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO. Constituír á Xunta de Goberno Local, que estará presidida polo Alcalde da Corporación e integrada por un máximo de tres persoas concelleiras que serán nomeadas mediante resolución de Alcaldía de conformidade co indicado no artigo 23.1 da LRBRL.

Á Comisión de Goberno corresponderalle as atribucións que lle delegue o Alcalde mediante a devandita resolución, así como as que o Peno lle delega mediante o presente acordo que figuran no apartado cuarto.

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro venres de cada mes ás 13:00 horas. En caso de resultar festivo celebraranse o primeiro día hábil seguinte considerándose inhábil para estes efectos os sábados, domingos e festivos, de conformidade co indicado no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva no prazo de dez días hábiles seguintes á súa constitución, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. Delegar de forma expresa na Xunta de goberno local as seguintes atribucións do Pleno da Corporación Local:

- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación nas materias de competencia plenaria;
- A declaración de lesividade dos actos do concello;

- A concertación das operacións de crédito das que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co establecido na lei reguladora das facendas locais;
- A competencia coma órgano de contratación de toda clase (obras, servizos, abastecementos) cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos, e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada neste apartado;
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos;
- Calquera acto de disposición sobre os bens, incluídos a adquisición, a transacción, a permuta, o alleamento e a cesión gratuíta a outras administracións ou institucións públicas e a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro. A concesión, o arrendamento ou a cesión de uso de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento, e a regulación do aproveitamento dos bens comunais e a cesión, por calquera título, do aproveitamento destes bens;

QUINTO. Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para resolver os recursos de reposición que se presenten contra os actos administrativos ditados por este órgano colexiado en exercicio das competencias delegadas polo Pleno.

SEXTO. De acordo con os artigos 9 da Lei 40/2015, do 1 outubro e o artigo 114 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, esta delegación poderá ser modificada ou revogada en calquera momento, axustándose ás mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Así mesmo, o Pleno poderá avogar o exercicio da competencia delegada de maneira singular para actos concretos, sen que iso implique a revogación da delegación conferida á Xunta de Goberno Local.

SÉTIMO. Esta delegación será efectiva desde o día seguinte á data do seu acordo, de conformidade co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

OITAVO. As referencias que contén este Decreto a preceptos ou normas derogadas entenderanse feitas de maneira automática aos preceptos ou ás normas que os modifique ou substitúan.

NOVENO. Publicar no BOP as presentes delegacións do Pleno na Xunta de Goberno de conformidade co previsto no artigo 51.2 do ROF, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a aprobación das mesmas, de conformidade co indicado no punto sétimo.

DÉCIMO. Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, a efectos de cumprir o imperativo legal previsto no artigo 114 do ROF, entendéndose aceptada tacitamente se, no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo, o membro ou órgano destinatario da delegación non efectúa unha manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

DÉCIMO PRIMEIRO. Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na Xunta de goberno local non acordadas expresamente

As Nogais, 28 de xuño 2023- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2048

Anuncio

Organización e funcionamento do Concello de As Nogais

O Concello de As Nogais, en sesión extraordinaria de pleno celebrada o 28 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO. Nomear, representante deste concello no Consello Escolar ao concelleiro, don Fernando Rodríguez González.

SEGUNDO. Nomear, representante deste concello no GDR Ribeira Sacra-Courel a don Jesús Manuel Núñez Díaz, Alcalde-Presidente.

TERCEIRO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento

Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Nogais, 28 de xuño 2023- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2049

Anuncio

Organización e funcionamento do Concello de As Nogais

O Concello de As Nogais, en sesión extraordinaria de pleno celebrada o 28 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO. A Comisión Especial de Contas deste concello estará integrada por:

O presidente que recaerá no Alcalde-Presidente do concello ou tenente de alcalde que actúe por suplencia deste.

Será vogal na comisión especial de contas don Fernando Rodríguez González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular e don Marcos Busto Rodríguez en calidade de suplente e dona Sonia Fernández Pérez en representación do Grupo Municipal Socialista e don Ismael Carcedo Gómez en calidade de suplente.

SEGUNDO. A Comisión Especial de Contas celebrará sesión ordinaria nos termos indicados no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Nogais, 28 de xuño 2023- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2050

Anuncio

Organización e funcionamento do Concello de As Nogais

O Concello de As Nogais, en sesión extraordinaria de pleno celebrada o 28 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en **cumprimento da normativa vixente**:

[...]

PRIMEIRO. Establecer o seguinte réxime de indemnizacións por asistencias.

1. Asistencia a sesións plenarias: cincuenta euros 50 €
2. Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: ceneuros (100 €)
3. Asistencia a sesións de Comisións informativas: cincuenta euros (50 €)

SEGUNDO. Dispoñer que, con respecto ás indemnizacións aos membros da Corporación polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, estarase ao disposto nas normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas.

TERCEIRO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CUARTO. Dar traslado dos presentes acordos á Intervención Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos

As Nogais, 28 de xuño 2023- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2051

Anuncio

Organización e funcionamento do Concello de As Nogais

O Concello de As Nogais, en sesión extraordinaria de pleno celebrada o 28 de xuño de 2023, adoptou o

seguinteacordo en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO. Fixar un compoñente variable, que se establece na cantidade de vinte euros mensuais (20 € mensuais) por cada persoa concelleiro electo integrada no grupo político municipal de que se trate.

SEGUNDO. De conformidade co establecido no devandito artigo 73 da LRBRL, as cantidades que lle corresponda a cada grupo político non poderán destinarse a pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que porán ao dispor do Pleno da Corporación sempre que este llo solicite, debendo cumprir os demais requisitos contidos no repetido artigo 73 da LRBRL.

TERCEIRO. Acórdase a potestade plenaria de requirir anualmente aos grupos políticos a xustificación do destino das cantidades percibidas, concretamente no primeiro trimestre do ano, respecto das achegas correspondentes ao exercicio inmediato anterior, ao abeiro e co contido do establecido no apartado 3 do artigo 73 da LRBRL.

CUARTO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

QUINTO. Dar traslado dos presentes acordos á Intervención Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos

As Nogais, 28 de xuño 2023- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2052

Anuncio

Organización e funcionamento do Concello de As Nogais

O Concello de As Nogais, en sesión extraordinaria de pleno celebrada o 28 de xuño de 2023, adoptou o seguinteacordo en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO. Pola dedicación efectiva que realiza o concelleiro desta Corporación, don Fernando Rodríguez González, corresponderalle unha retribución de 33.200 €, en réxime de dedicación parcial.

SEGUNDO. A xornada de dedicación mínima da devandita da persoa concelleira será de 7 horas ao día de luns a venres, variadas segundo necesidades do servizo, sen que sexa compatible o percibo das retribucións que permite a norma coas indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados do concello establecidas xenericamente para os membros electos da corporación.

TERCEIRO. As contías determinadas no presente acordo será actualizadas segundo estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

CUARTO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Nogais, 28 de xuño 2023- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2053

Anuncio

Organización e funcionamento do Concello de As Nogais

O 28 de xuño de 2023, ditouse a seguinte resolución, 2023-0201, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO. Nomear tenentes de alcalde deste Concello ás persoas concelleiras que se integrarán coma membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, e que substituirán, segundo orde de nomeamento a esta alcaldía nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante:

➤ 1. Jaime Gallardo López

- 2. Marcos Busto Rodríguez
- 3. Juan Álvarez González

Este nomeamento causará efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa.

SEGUNDO. Notificar o presente decreto aos tenentes de alcalde afectados, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello.

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así coma en virtude do imperativo contido no artigo 38 do referido regulamento para os efectos do establecido no artigo 46.1 da devandita norma legal.

As Nogais, 28 de xuño 2023- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2054

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O 30 de xuño de 2023 ditouse a seguinte resolución, nº 2023-0202, que se publica integramente:

Primeiro.- Á vista da resolución de Alcaldía nº 2023-0197, con código seguro de verificación 77ADW7T6NJY3N63Q4X32EWSJD, con data de 26 de xuño de 2023, pola que se aproban as bases de selección dos compoñentes dunha brigada de incendios (peón, peón condutor e xefe de brigada) e tres condutores do vehículo motobomba.

Segundo.- Á vista do anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 149, do 30 de xuño de 2023 relativo aos procesos de selección dos compoñentes dunha brigada de incendios (peón, peón condutor e xefe de brigada) e tres condutores do vehículo motobomba.

Terceiro.- Á vista do disposto no artigo seis das devanditas bases, *«rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de tres días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase de xeito integro na páxina web <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/> e no taboleiro de edictos da casa do Concello, sinalándose un prazo de 2 días hábiles contados a partires do seguinte da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente[...]*».

Cuarto.- Á vista do disposto no artigo 72 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal *«de acordo co principio de simplificación administrativa, acordaransen uns o acto todos os trámites que, polas súas natureza, admitan un impulso simultáneo [...]*».

Quinto.- Á vista do disposto nos artigos 83.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal *«o órgano ao que corresponda a resolución do procedemento, cando a natureza deste o requira, poderá acordar un período de información pública»*.

Á vista de canto antecede e, en virtude do disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear ao tribunal do proceso de selección dos compoñentes dunha brigada municipal de incendios, integrada por un peón condutor, tres peóns e un xefe de brigada, así como tres condutores do vehículo motobomba, ao abeiro do convenio suscrito entre o Concello de As Nogais e a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia:

Titulares:

Presidente: Ana Belén Alba González, Axente de Emprego e Desenvolvemento Rural do Concello de As Nogais.

Vogal: Julio López Veiga, Traballador Social do Concello de As Nogais.

Vogal: Carolina Isabel Fernández Lago, Secretaria-Interventora do Concello de Folgoso de Courel.

Vogal: Alejandro Maseda Mallo, Secretario do Concello de Vilalba.

Secretaria: Sandra Díaz Álvarez, Secretaria-Interventora do Concello de As Nogais.

Suplentes:

Presidente: David Criado Taboada, Secretario-Interventor do Concello de Agolada.

Vogal: Elisa Muñoz Álvarez: Secretaria-Interventora do Concello de Baralla.

Vogal: Raúl García Martínez, técnico de medio ambiente do Concello de A Fonsagrada

Vogal: Mauro Chico Carballas, técnico medio de xestión en adscrición de funcións do Concello de Vilalba.

Secretario: Juan Hernando Rosa, Secretario-Interventor da agrupación Bóveda-O Incio.

Segundo.- Convocar ao Tribunal de Selección para a constitución do mesmo, o luns, día 10 de xullo, ás 9:45 horas no Centro Sociocultural do Concello de As Nogais e, a continuación, ás seguintes horas para a realización das probas correspondentes para os seguintes postos, convocando, así mesmo, aos aspirantes admitidos:

10:00 horas: peóns

11:00 horas: xefe de brigada

12:00 horas: condutores de motobomba

Ás 13:00 horas convócase de novo ao tribunal para a corrección de exames e baremación de méritos.

Terceiro.- A resolución co listado definitivo dos solicitantes aos devanditos procesos selectivos publicarase o día 8 de xullo de 2023 na sede electrónica do Concello de As Nogais <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte á publicación, sen prexuízo de que os interesados podan exercitar calquera outro que estime oportuno. No caso de interpoñer recurso de reposición, non se poda interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso interposto.

As Nogais, 30 de xuño de 2023.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2097

PANTÓN

Anuncio

O Alcalde do Concello de Pantón, en relación co proceso selectivo para a cobertura en propiedade da praza de persoal laboral fixo denominada Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, incluída nos procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, mediante Decreto número 2023-0177, do 28.06.2023, resolveu:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade da praza de persoal laboral fixo denominada Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG núm. 103, do 31.05.2022, incluíndo na mesma ao aspirante Modesto González Freire, con DNI número 76****92M, por emendar en tempo e forma o defecto que motivou a súa exclusión provisional do proceso selectivo de referencia.

ASPIRANTE	DNI	ADMITIDO	EXCLUÍDO
González Freire, Modesto	76****92M	SI	NON
Herrán Calvo, Alberto	33****25X	SI	NON
Losada Valdés, Yolanda	34****68S	SI	NON
Rello López, Óscar	34****30B	SI	NON
Vila Pol, Lorena	34****63H	SI	NON

SEGUNDO.- Nomear ao órgano técnico de selección do proceso selectivo que nos/nos ocupa, que estará composto por:

CARGO	TITULAR	SUPLENTE
Presidente/a	Juan Hernando Rosa Ruíz (Secretario-Interventor do Concello de Bóveda)	Miguel Ángel Rodríguez Rodríguez (Secretario-Interventor do Concello de Sandiás)
Secretario/a	Alejandro Martínez Sánchez (Secretario-Interventor do Concello de Pantón)	Francisco Javier Rodríguez Tourón (Secretario-Interventor Asesor da Deputación Provincial de Ourense)
Vogal	Elena González López (Secretaria-Interventora do Concello de Sober)	Montserrat Casas Cabido (Secretaria-Interventora do Concello de Vilar de Santos)
Vogal	Nadia Díaz Vázquez (Secretaria-Interventora do Concello de Taboada)	Abel Camoira Louzao (Secretario-Interventor do Concello de Lobios).
Vogal	Fernando María Torre Comesaña (Secretario-Interventor do Concello de Carballedo)	María Jesús Romero Chillón (Secretaria-Interventora do Trasmiras)

Contra estes nomeamentos poderá promoverse recusación nos termos previstos no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

TERCEIRO.- Publicar Edito co contido da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Pantón, 28 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2055

A PASTORIZA

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS AÑO 2023.

Por Resolución desta Alcaldía de data 28 de xuño de 2023, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral temporal e mediante concurso - oposición - de 1 Xefe de Brigada, 3 Peóns de Brigada e 1 Peón-Conductor para a constitución no municipio dunha Brigada de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para este ano 2023. As ditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodapastoriza.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Pastoriza, 28 de xuño de 2023.- O alcalde, Dario Cabaneiro Santomé.

R. 2056

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS A PROL DA MESMA E DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DESTE ÓRGANO.

Faise público que por esta alcaldía en data 23 de xuño de 2023, ditouse a seguinte resolución de alcaldía no que se resolve:

PRIMEIRO.- Deixarsen efecto a resolución de alcaldía núm. 2023-0231 de data 21/06/2023.

SEGUNDO.- Nomearmembros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

- D. Óscar Fontevedra Chao
- D. Luís Fernández Fernández

TERCEIRO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias que expresamente se delegan:

- 1.- Autorizar, dispoñer gastos e aprobar facturas por contía superior a 6.000 euros, salvo que se refiran a gastos de carácter periódico (subministro de enerxía eléctrica, seguros, gastos telefónicos, pagos de nóminas do persoal, seguridade social, IVE, IRPF e demais de tracto sucesivo)
- 2.- Aprobar a oferta de emprego público de acordocoozamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, e aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- 3.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamentoxeral non expresamente atribuídasao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanístico e dos proxectos de urbanización.
- 4.- As contratacións e concesións de toda clase, superiores a 6.000 euros.
- 5.- Aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento.
- 6.- Adquisición de bens e dereitos e alleamento do patrimonio municipal, cando a competencia recaia no Sr. Alcalde.
- 7.- Outorgamento de licenzas urbanísticas cando sexan obras maiores, licenzas de actividade así como a toma de coñecemento da declaración responsable da apertura de establecementos públicos, non suxeitasaoréxime de comunicación previa.
- 8.- Aprobación dos padrónsfiscais e recoñecemento de exencións e bonificacións dos tributos locais.
- 9.- Concesión de subvencións de emerxencia social.

CUARTO.- Deixarsen efecto tódalasdelegacións que se tivesen realizado a prol da Xunta de Goberno Local por parte do Alcalde con anterioridadeao presente acordo.

QUINTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva consonteado disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e RéximeXurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.

SEXTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o segundo e cuarto xoves, do mes, ás 12:00 horas, durante todo o ano. Se os días sinalados fosen festivos, a sesión celebrarase o día seguinte hábil a aqueles, á mesma hora.

SÉTIMO.- A presente resolución darasecontaa Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarasepersoalmenteaos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, senprexuízo da súaefectividadedende o día seguinteao da data en que se dita a mesma.”

Pedrafito do Cebreiro, 27 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2057

Anuncio

NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

Faise público que por esta Alcaldía en data 23 de xuño de 2023, ditouse a seguinte resolución de alcaldía que resolve:

PRIMEIRO.- Deixarsen efecto a resolución de alcaldía núm. 2023-0230 de data 21/06/2023.

SEGUDO.- Nomeartenentes de alcalde aosConcelleirosseguintes:

-1º tenente de alcalde: Óscar Fontevedra Chao

-2º tenente de alcalde: Luís Fernández Fernández

Aostenentes de alcalde, en canto tales, corresponderallessubstituírao alcalde na totalidade das súasfuncións e polaorde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidadeou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súasatribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

TERCEIRO.- Da presente resolución darasecontaa Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmenteaos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, senprexuízo da súaefectividadedende o día seguinteao da presente resolución..

Pedrafito do Cebreiro, 27 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2058

POL*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 28 de xuño de 2023, aprobáronse as bases para a renovación e incorporación de novo persoal na bolsa de emprego para postos de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Pol. As bases reguladoras estarán expostas na páxina web e na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 28 de xuño de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2078

QUIROGA*Anuncio*

Logo de aprobar por resolución de Alcaldía de data 29.06.2023 as bases e a convocatoria para cubrir:

- Un posto de Auxiliar de enfermería

en réxime de funcionario interino por programa no Concello de Quiroga, mediante sistema de oposición, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA:

Por resolución de Alcaldía de data 29.06.2023 aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para o nomeamento de:

- Un posto de Auxiliar de enfermería.

para o Concello de Quiroga, mediante sistema de oposición.

As bases íntegras da presente convocatoria fican publicadas na sede electrónica do Concello de Quiroga.

O prazo de presentación das solicitudes será de cinco días naturais a contar desde o día seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello: www.concellodequiroga.com, e no taboleiro de anuncios do Concello.

Contra as presentes bases, que pon fin a vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste concello de Quiroga de conformidade cos artigos 123 e 124 da lei 39/2015. de 1 de outubro, do procedemento Administrativo común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou , á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quiroga ,30 de xuño de 2023 .- O Alcalde, JoséLuisRivera Castro.

R. 2079

O VALADOURO*Anuncio*

BASES PARA O PROCESO SELECTIVO AO OBXECTO DE CUBRIR, TRES POSTOS DE CONDUCTOR DE MOTOBOMBA PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS , DO CADRO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DO VALADOURO NO MARCO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE O VALADOURO, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2023-2024, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 2014-2020.

1.- OBXECTO DA BASES ESPECÍFICAS: Selección de Persoal Laboral Temporal ao abeiro do artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2.- **RELACIÓN XURÍDICA:** Persoal Laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado)

3.- **CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO:**

3.1.- **DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:** Conductor de motobomba

3.2.- **GRUPO DE COTIZACIÓN:** 10

3.3.- **CATEGORIA PROFESIONAL:** Peón.

3.4.- **TIPO DE XORNADA:** Xornada completa (37,5 horas semanais, segundo se reflicte no convenio colectivo de condicións de traballo do persoal laboral do Concello do Valadouro). A xornada laboral desenvolverase no horario que demande o servizo e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

3.5.- **RETRIBUCIÓN:** O/A Aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións establecidas no convenio colectivo para a regulación das condicións de traballo do persoal laboral ó servizo do concello de O Valadouro.

4.- **ADSCRICIÓN:** Ao servizo de prevención e defensa contra incendios forestais.

Os contratos asinaranse baixo a modalidade de “contratos de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos (vinculados ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo Feader dentro da submedida 8.3 “axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes” do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020”, eventuais por circunstancias da produción, a xornada completa, cunha duración de tres meses, con temporalidade ligada á duración do tempo asinado en Convenio.

O persoal contratado deberá ter unha disposición absoluta polas emerxencias que se poidan producir, e **realizará labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requeridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos os domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.**

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural. O artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só o patrimonio forestal público ou privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas) senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galiza o que require o compromiso de todas as Administracións, en particular a autonómica e local e o conxunto da cidadanía . Compre pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangan todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de medio e alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais. En todo caso, cómpre lembrar que todas as entidades locais de Galicia, segundo o disposto na orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiación con FEADER.

O vehículo motobomba intégrase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se situe a entidade local, priorizando a actuación da brigada na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fora do seu termo municipal, conforme ó previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais realizarase baixo o mando único descrito no PLADIGA. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais ao responsable da brigada. A brigada debe en todo momento colaborar e coordinarse co despregue de medios do Distrito Forestal.

5.- **FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO:**

Serán Funcións a desempeñar polos/as contratados/as:

- As establecidas no Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de O Valadouro para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais mediante a actuación de Un Vehículo Motobomba.
- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios

forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.

- Os traballos de extinción serán prioritarios con respecto aos de prevención.
- **VMB.-** Os vehículos deberán estar operativos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que nos sexan requiridos para a extinción destes.

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida á Alcaldía, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación (Anexo II), nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base novena desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia auténtica do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia auténtica do permiso de conducir clase C.
- Copia auténtica do Celga 2.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

7.1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- A data, hora e lugar en que se realizará a fase de oposición.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

7.2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

7.3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

7.4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

7.5. Contra a resolución de alcaldía pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

7.6. A inclusión das persoas aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser contratados, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 6ª.

8.- DURACIÓN DO CONTRATO: ata o final da operatividade das brigadas de incendios na campaña de 2023.

9.- REQUISITOS INDISPENSABLES.

- a) Estar en posesión do certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- b) Permiso de conducir clase C (deberá aportarse coa solicitude de participación no proceso selectivo).
- c) Deberá aportar autorización para realizar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto co recoñecemento médico previo á contratación (Anexo I das presentes bases).

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello do Valadouro con carácter temporal por un período de 9 meses nos últimos 15 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade ou do posto de traballo ocupado en dito período.

10. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 2.

11.- SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN

11.1. FASE DE OPOSICIÓN.

Valorarase cun máximo de 30 puntos.

Constará das seguintes probas:

11.1.1.- Proba teórica.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal de selección.

Consistirá nun exercicio tipo test de 30 preguntas, con 4 preguntas de reserva, relacionadas cos contidos propios da praza que solicita segundo o **temario incluído no Anexo III.**

Cada pregunta formularase con tres respostas alternativas, das que solo unha será correcta. O exercicio realizarase a porta cerrada coa única presenza dos/as opositores/as, os membros do Tribunal de Selección e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 50 minutos.

Cada pregunta correcta será valorada con 1 punto. As respostas incorrectas e en branco non sumarán nin restarán puntos.

Os membros do tribunal, á vista das puntuacións obtidas polos aspirantes, poderán determinar a existencia dunha nota de corte para a superación da proba.

Esta proba é obrigatoria cualificándose ata un máximo de 30 puntos.

11.1.2.- Proba de Galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

Os/as aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o nivel de galego esixido nas Bases específicas non terán que realizar esta proba.

11.1.3.- Adaptación de probas aos aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Aqueles aspirantes con discapacidade que se presenten á cota xeral ou a cota reservada a discapacitados poderán solicitar as adaptacións e axustes razoables e necesarios de tempo e medios para a realización das probas, debendo facelo constar na solicitude.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde 1822/2006, de 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

11.2.- FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirante/s.

11.2.1.- Baremo de méritos. O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) Experiencia profesional.

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un **máximo de 10 puntos**. Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial, o cómputo do tempo da concreta relación laboral será a que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Os servizos prestados como condutor de motobomba ou similar valoraranse a razón de 0,15 puntos por mes traballado se foron prestados nunha Administración Pública e de 0,07 puntos por mes traballado se foron prestados nunha empresa privada.

B) Formación: Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

B1) Cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións da posto/función á que se opta:

Os cursos de formación relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios valoraranse segundo a seguinte táboa:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,035
Aproveitamento.	0,070

Non se valorará a formación obtida no curso de prevención e defensas contra incendios obrigatorio para o desempeño do posto de traballo.

A puntuación máxima neste apartado será de 9 puntos.

B2) Titulacións académicas:

A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

As titulacións académicas, incluídos os master oficiais, sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza valoraranse a criterio do Tribunal. Excluirase esta valoración a titulación académica que se presente ao obxecto de acreditar o requisito de titulación para participar no proceso selectivo.

12.— TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados pola Sra. Alcaldesa – Presidenta segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o aceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación, funcionario ou persoal laboral. Con voz e voto.

Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

En ningún caso poderán formar parte do Tribunal funcionarios interinos ou persoal laboral temporal.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

13.- RECOÑECIMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA DE ESFORZO.

13.1.- Os aspirantes seleccionados estarán obrigados a realizar antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo (proba do banco) nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de O Valadouro.

13.2.- A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

14.- REALIZACIÓN DUN CURSO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS.

14.1.- Os compoñentes da brigada virán obrigados a realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia do curso: enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal.

14.2.- Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os seleccionados xa o recibisen en anos anteriores.

14.3.- A non realización do curso de formación suporá o cese do traballador por incumprimento desta base.

14.4.- O Curso de formación versará sobre as seguintes materias coa distribución horaria que se recomenda:

- A defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 hora.
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 hora
- Ferramentas, 1 hora.
- Extinción e liquidación, 1,5 horas.
- Condución de vehículos todoterreo, 0,5 horas
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 hora.
- Primeiros Auxilios, 2 horas.
- Traballo co vehículo motobomba 2,5 horas.
- Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 horas.
- EPI e comunicacións, 1 hora.
- Seguridade e saúde e Partes, 1 hora.
- Medios aéreos, embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 hora.

15.—BOLSA DE EMPREGO

Coa lista complementaria de reserva constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que a praza contratada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida a esta praza).

Esta bolsa de emprego terá validez para a presente campaña de prevención e loita contra incendios.

16.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I. CONSENTIMIENTO CON COÑECEMENTO DE CAUSA.

DON, con D.N.I, como parte do proceso de selección de tres **CONDUTORES DE MOTOBOMBA PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE O VALADOURO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO MARCO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE O VALADOURO, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2023-2024, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 2014-2020** entendo que se me pedirá levar a cabo diversas probas para valorar o meu nivel de aptitude biolóxica en caso de resultar seleccionado.

Entendo que teño liberdade para formular calquera pregunta sobre calquera proba. Se por algún motivo non poido realizar algunha proba informarei ó administrador.

Existen certos riscos asociados á realización das probas entre eles respostas anormais da tensión arterial ou da frecuencia cardíaca, trastornos nos latidos cardíacos, desmaios e en casos raros, ataques cardíacos, apoplexía ou morte.

Posto que o meu estado de saúde pode afectar directamente á miña seguridade durante o exercicio, poñerei ó corrente ó administrador de tódolos meus problemas de saúde. Asimesmo informarei con prontitude sobre calquera molestia ou dor asociados cunha determinada proba ós administradores.

A inscrición para participar no proceso de selección é voluntaria e entendo que son libre de retirarme de calquera proba, en calquera momento por razóns de saúde.

Igualmente autorizo ó Concello a realizar todas as probas necesarias para verificar o cumprimento das condicións de capacidade funcional necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo mediante a realización do pertinente recoñecemento médico incluídas probas de alcoholemia e toxicolóxicas. A información sobre a miña persoa e estado de saúde resultante de dito recoñecemento terá a consideración de datos de carácter persoal incorporándose ó expediente de selección e non será revelada a ningún extrano sen a miña autorización escrita.

Lin e acepto este formulario e dou o meu consentimento escrito para participar neste proceso de selección.

O Valadouro a de de 2023.

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámolo de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro con dirección en C/ Feira Nova, 1, CP 27770, O Valadouro. (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. La lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o cumprimento dunha obriga legal. Os datos persoais cederanse cando exista una obriga legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar o suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita en la dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.0>

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE O VALADOURO.

ANEXO II (modelo de instancia)

D./D.^a....., con
DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a
de....., con enderezo a efectos de notificación
en.....
teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a á proba selectiva de acceso para a cobertura de tres prazas de

- Conductor de motobomba para o Servizo de prevención e extinción de incendios forestais.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto **SOLICITA:**

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro,, de de 2023

(sinatura)

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámolo de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro con dirección en C/ Feira Nova, 1, CP 27770, O Valadouro. (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. La lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o cumprimento dunha obriga legal. Os datos persoais cederanse cando exista una obriga legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar o suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita en la dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.0>

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DO VALADOURO

ANEXO III (Temario)**PROGRAMA/TEMARIO.**

Tema 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- A Organización Municipal. O Alcalde, O Pleno e a Xunta de Goberno. As súas competencias e procedemento.

Tema 3.- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Aproveitamentos no monte: Cambos de actividade en terreos queimados, actividades en terreos queimados, vixilancia e detección de incendios forestais, extinción e investigación de incendios forestais.

Tema 4.- Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de O Valadouro.

Tema 5.- O Pladiga.

Tema 6.- Tipoloxía de incendios forestais.

Tema 7.- Coñecemento do ámbito territorial de actuación da unidade de prevención: Núcleos de poboación, vías de comunicación, hidrografía, orografía, edificios e paraxes singulares.

O Valadouro, 28 de xuño de 2023.- A Alcaldesa, María José Fernández Díaz.

R. 2059

O SAVIÑO*Anuncio*

RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE TRIBUNAL AVALIADOR E CONVOCATORIA PARA BAREMACION DE MÉRITOS NOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE O SAVIÑO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE INFORMADOR/A XUVENIL E DE ADMINISTRATIVO/A, INCLUIDAS NA OFERTA EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACION 2022 (Expte. 533/2022).

O Alcalde do Concello de O Saviño, mediante Decreto número 2023-0200, do 29.06.2023, resolveu:

RESOLVO

PRIMEIRO. Nomear ao seguinte Tribunal cualificador do proceso selectivo para as prazas de informador/a xuvenil e de administrativo/a:

- Presidente/a: Don/a Nadia Díaz Vázquez, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora da Agrupación Taboada-Guntín.

- Secretario/a: Don/a María Jesús Grandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, laboral fixo do Concello de Guntín.

- Vogais:

Don/a María Belén Vázquez Cagide, Administrativa Rexistro, funcionaria de carreira do Concello de Taboada

Don/a Miguel Basadre Vázquez, Informador Xuvenil, persoal laboral fixo do Concello de Guntín.

Don/a Lorena García Osorio, Administrativa Secretaria, funcionaria de carreira do Concello de Taboada.

Suplentes.

- Presidente/a: don/a María Dolores Rodríguez Gómez, traballadora social, funcionaria de carreira do concello de Taboada.

- Secretaria/a: don/a David Criado Taboada, funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretario-Interventor do concello de Agolada.

-Vocais:

Don/a Eduardo Fernández Arias, administrativo, funcionario de carreira do concello de Taboada.

Don/a Marta Corral Moreira, traballadora social, laboral fixo do concello de Guntín.

Don/a María Isabel Santoalla Cabanas, administrativa, laboral fixo do concello de Guntín.

SEGUNDO. Fixar a constitución do Tribunal para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de administrativo/a o día 12 de xullo de 2023, ás 10:00 horas na Casa do Concello, Praza de España 1, O Saviño.

TERCEIRO. Fixar a constitución do Tribunal para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de informador/a xuvenil o día 12 de xullo de 2023, ás 12:00 horas na Casa do Concello, Praza de España 1, O Saviño.

CUARTO. Publicar esta Resolución no BOP de Lugo e no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello, **a efectos de xeral coñecemento.**

O Saviñao, 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2060
